

# MALALA YOUSAFAZ

Malala Yousafaz naceu en Mingora (Pakistán) o 12 de xullo de 1997. A súa familia dirixía unha escola no val do Swat, polo que tivo acceso á mesma educación que os nenos. Dende moi nova expresou publicamente os seus pensamentos sobre a necesidade dunha educación xusta e igualitaria, promovendo e dando a coñecer a situación das nenas en Paquistán. Pero non o ía ter nada doado, pois nese momento o país atopábase baixo o réxime talibán, fortemente discriminatorio cara ás mulleres. Comezou escribindo un blog para a BBC no que contaba cómo era a súa vida baixo o mando dos talibáns e os seus puntos de vista sobre a promoción da educación das nenas no val do Swat. Tivo un grande éxito e chamou a atención de todo o mundo. Ao verán seguinte comezou a rodar un documental sobre a súa vida no val, ao cal seguiron numerosas entrevistas e un nomeamento ao Premio da Paz Internacional da Infancia.

O día 9 de outubro de 2012 dous milicianos talibáns abordaron o autobús escolar no que viaxaba Malala, preguntaron por ela e, cando se identificou, disparáronlle, causándolle graves feridas. Cando o seu estado de saúde o permitiu, foi trasladada de urxencia ao Reino Unido, onde os médicos conseguiron salvar a súa vida despois de múltiples operacións. Espertou nun hospital de Birmingham, dez días despois do atentado. Malala convertérase nun símbolo non só en Paquistán.

A noticia do intento de asasinato conmoveu a todo o mundo, incluíndo a Gordon Brown, o embaixador especial das Nacións Unidas para a Educación Global, quen lanzou unha petición á ONU, en nome de Malala, esixindo que todas as crianzas do mundo tivesen acceso á escola antes de finais do 2015. En Paquistán, máis de dous millóns de persoas asinaron unha petición polo dereito á educación e a Asemblea Nacional aprobou a primeira lei sobre o Dereito a unha Educación Gratuíta e Obrigatoria no país.

Tras estes tráxicos sucesos, o 12 de xullo de 2013, día no que cumpría dezaseis anos, a ONU homenaxeouna en Nova Iork, instituíndo o Día de Malala.

No ano 2014 Malala foi galardoada co Premio Nobel da Paz pola súa loita contra a represión das crianzas e da mocidade e polo dereito de todas as crianzas á educación. Converteuse así na persoa máis nova na historia en recibir este galardón. Malala licenciouse en Filosofía, Políticas e Económicas pola Universidade de Oxford no ano 2020. Actualmente reside en Londres e, como ela mesma afirma: “estou entregada á causa da educación e coido que lle podo dedicar a vida enteira. Non me importa o tempo que me leve”.

Alba Padín Pérez

1º Bacharelato C